



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 5 DE XUÑO DE 2020,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**MOCIÓNS E PROPOSTAS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Declaración institucional da Xunta de Galicia polo Día Mundial do Medio Ambiente.

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se dispón do cese como secretario xeral da Presidencia de Álvaro Pérez López.
- Decreto polo que se dispón do cese como secretario xeral da Emigración de Antonio Rodríguez Miranda.
- Decreto polo que se dispón do cese como secretaria xeral da Igualdade de Susana López Abella.
- Decreto polo que se dispón do cese como directora xeral de Administración Local de Marta María Fernández-Tapias Núñez.
- Decreto polo que se dispón do cese como delegado territorial da Xunta na Coruña de Ovidio Rodeiro Tato.
- Decreto polo que se dispón do cese como delegado territorial da Xunta en Lugo de José Manuel Balseiro Orol.
- Decreto polo que se dispón do cese como delegada territorial da Xunta en Ourense de Marisol Díaz Mouteira.
- Decreto polo que se dispón do cese como delegado territorial da Xunta en Pontevedra de José Manuel Cores Tourís.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Decreto polo que se dispón do cese como delegada territorial da Xunta en Vigo de Corina Porro Martínez.

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Decreto polo que se dispón do cese como secretario xeral da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Borja Vereá Fraiz.

### CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se dispón do cese como directora de Turismo de Galicia de María Nava Castro Domínguez.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se dispón do cese como director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias de Silvestre José Balseiros Guinarte.

## ACORDOS

### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos do 80 %, na Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2020 e 2021, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.
- Acordo polo que se dá conta do convenio de colaboración a asinar entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o control da covid-19 nos efectivos da policía local dos concellos galegos.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual e a concesión de pagamentos a conta por un importe superior ao 80% da porcentaxe subvencionada na convocatoria da Fundación Galicia Europa dunha



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

bolsa para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación.

### CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se aproba o Plan de reactivación e dinamización económica 2020.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Mondoñedo, para o financiamento da redacción da "Revisión do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do casco Histórico (PEPRICH)", por un importe total de trescentos sete mil setecentos oitenta e un euros con vinte e cinco céntimos (307.781,25€) e se valora favorablemente a súa tramitación.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de acondicionamento de intersección entre as estradas provinciais OU-0210 e OU-0211 en Quintela de Leirado.

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio de Ciencia e Innovación) e a Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia para a execución do proxecto "Renovación de infraestruturas de supercomputación e almacenamento permanente de datos do Cesga (Finisterrae III)" cofinanciado por Feder del Programa Operativo Plurirregional de España 2014-2020, por importe de sete millóns de euros (7.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a superación da porcentaxe e a exención de constitución de garantías nos pagamentos anticipados derivados da convocatoria para o exercicio 2020 das axudas ao investimento para infraestruturas locais (Programa infraestruturas estratéxicas abertas), promovidos por grandes empresas galegas, por un importe total de seis millóns de euros (6.000.000,00 €).

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente para a contratación da subministración sucesiva de combustible de calefacción (gasóleo C), para centros dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, mediante un acordo marco con varios empresarios, dividido en lotes, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria suxeito a regulación harmonizada, polo importe de doce millóns cento catro mil novecentos setenta e seis euros con sesenta e cinco céntimos (12.104.976,65€) e un valor estimado, sen IVE, de vinte e catro millóns nove mil oitocentos setenta e un euros con tres céntimos (24.009.871,03€).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución das convocatorias de axudas para apoiar a contratación de persoas desempregadas nos concellos galegos.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia de diversos materiais de protección, medios de transporte para virus e kits de detección rápida de virus, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de cinco millóns novecentos tres mil setecentos catorce euros con setenta e oito céntimos (5.903.714,78€).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da subministración de diverso material de investimentos, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de cincocentos quince mil oitocentos sesenta e seis euros con corenta e seis céntimos (515.866,46€).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA POLO DÍA MUNDIAL DO  
MEDIO AMBIENTE**

Hoxe, 5 de xuño, celebramos o Día Mundial do Medio Ambiente, como cada ano desde 1973. As Nacións Unidas escolleron esta data en conmemoración da Conferencia de Estocolmo, iniciada o 5 de xuño de 1972 como a primeira gran conferencia a nivel internacional sobre cuestións ambientais e que marcou un punto de inflexión na política mundial.

Polo tanto, este día é o vehículo principal das Nacións Unidas para promover a sensibilización e a adopción de medidas para a protección do medio ambiente. E, neste ano 2020, as Nacións Unidas invítannos a actuar pola natureza.

As persoas estamos conectadas ineludiblemente co medio ambiente, necesitamos os recursos naturais e viviremos as repercusións das nosas accións sobre o medio ambiente.

Este ano 2020 demostrounos máis que nunca a fragilidade da vida e a repercusión global das accións individuais. Debemos asumir, polo ben de todos e polo noso futuro, unhas condutas máis respectuosas co medio e que garantan un desenvolvemento sustentable. É hora de actuar para non poñer en perigo a biodiversidade natural nin os recursos do planeta. É hora de comprometernos #PorLaNaturaleza.

É imprescindible loitar contra o quecemento global, mellorar a xestión dos residuos e reducir o consumo dos nosos recursos por nós e polos que están por vir, evitando os impactos negativos das nosas accións tanto no planeta como, polo tanto, no sistema socioeconómico.

Necesitamos a implicación da sociedade, das administracións e do tecido empresarial para conseguir os obxectivos marcados e facer de Galicia un exemplo de sustentabilidade e de uso eficiente dos seus recursos.

Estamos xa nun cambio de modelo que non pode deixar a ninguén atrás. Un cambio de modelo no que a sensibilización, a formación e a educación son fundamentais de cara a construír a base desta nova sociedade máis consciente. E, en síntese, garantir que as xeracións futuras poidan recibir e gozar dunha Galicia verde e azul, mellor incluso que a actual.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O CESE DE VARIOS ALTOS CARGOS**

- *A entrada en vigor do cese será o próximo luns, 8 de xuño, data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe os decretos de cesamento de varios altos cargos do Goberno autonómico. A entrada en vigor do cese será o próximo luns, 8 de xuño, data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Os decretos recollen o cesamento do delegado territorial da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís; a directora de Turismo de Galicia, María Nava Castro Domínguez; o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Silvestre José Balseiros Guinarte; a directora xeral de Administración Local, Marta María Fernández-Tapias Núñez; a delegada territorial da Xunta en Vigo, Corina Porro Martínez; e o secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Borja Vereá Fraiz.

Así mesmo, do delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro Tato; o delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro Orol; a secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella; a delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira; o secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda; e o secretario xeral da Presidencia, Álvaro Pérez López.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA DESTINARÁ 725.000 EUROS Á POSTA EN MARCHA DE PROGRAMAS DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

- *A finalidade das axudas, financiadas no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, é apoiar as vítimas na súa integración no mercado laboral e obter independencia económica*
- *As subvencións irán destinadas a entidades sen ánimo de lucro, que poderán recibir ata un máximo de 100.000 euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar 725.000 euros a financiar a posta en marcha de programas de inserción sociolaboral por parte de entidades sen ánimo de lucro destinados ás vítimas de violencia de xénero.

A finalidade destas axudas, financiadas no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, é deseñar e implementar itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a integración no mercado laboral das vítimas de violencia de xénero, e que lles permitan obter independencia económica para romper coa situación de violencia e acadar unha recuperación integral.

Entre as accións subvencionables inclúense os itinerarios de inserción, con como o deseño dun plan de acción personalizado, orientación profesional, busca activa de emprego ou intermediación laboral; ou a formación para o emprego, que abrangue a formación en competencias clave ou a actualización e mellora das competencias profesionais.

Nas accións subvencionables tamén se inclúen actuacións de apoio á conciliación, para facilitar a participación das mulleres nas accións comprendidas nos seus itinerarios de inserción sociolaboral; e bolsas, para compensarlles os gastos nos que poidan incurrir por participar no programa.

Cada entidade poderá recibir un máximo de 100.000 euros polas accións que desenvolvan entre o 1 de setembro de 2020 e o 30 de xuño de 2021.





INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA FARÁ OS TESTS SEROLÓXICOS A TODOS OS EFECTIVOS DA  
POLICÍA LOCAL DOS CONCELLOS GALEGOS**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Vicepresidencia da Xunta, o Sergas e a Fegamp para a policía local*
- *Todos os concellos galegos que contén con cadro de persoal de policía local poderán asinar o convenio para que os seus efectivos fagan o test serolóxico*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Vicepresidencia, o Sergas e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para a posta en marcha do programa para o control da covid-19 nos efectivos da policía local dos concellos galegos, que se suma á Policía Nacional e á Garda Civil.

Este foi un dos acordos aprobados este sábado na reunión do Centro de Coordinación Operativa (CECOP), onde o Goberno galego deu traslado á Fegamp a proposta de facer test serolóxicos de dobre banda a todo o persoal da Policía Local galega. Esta medida esténdese tamén aos axentes da Policía Nacional e da Garda Civil. No caso de que nestes test se detecten casos positivos, procederase a facer unha proba PCR.

Así, o convenio hoxe aprobado establece as liñas de actuación e accións previstas para o control de casos da covid-19 que puidesen afectar a calquera axente e auxiliar das policía locais e garantir o desempeño das súas funcións en condicións seguras. Os concellos poderán asinar coa Xunta a adhesión ao programa para executar de forma coordinada dito programa e coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan o control da covid-19 entre os efectivos das policía locais.

Nesta liña, os efectivos da policía local extremarán as medidas de illamento social vixentes, restrinxindo os contactos e limitándoos aos imprescindibles. No caso de que houberse contacto estreito dalgún efectivo cun enfermo sintomático da covid-19, comunicará este feito ao seu superior xerárquico, deberá cesar no servizo e manterse en corentena domiciliaria durante catorce días, vixiando a aparición de síntomas. En caso de presentar síntomas respiratorios, tampouco deberá desenvolver as súas funcións encomendadas. Neste caso deberá autoillarse no seu domicilio, solicitar unha consulta telefónica co seu médico de atención primaria e seguir as súas indicacións, ata a súa completa recuperación.

Os concellos deberán incluír nos estudos epidemiolóxicos que realicen os resultados obtidos pola realización dos test, así como para a posta en marcha de campañas de divulgación e prevención sanitaria. Ademais, deberán incluír formación dos efectivos en hixiene, prevención e control de casos de contaxio pola covid-19.

A Fegamp, pola súa banda, será a encargada da coordinación entre a Xunta e todos os concellos de Galicia para impulsar, promover e difundir a información relativa ao





XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

control da covid-19 entre os efectivos das policía locais e auxiliares de policía pertencentes aos concellos de Galicia.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA CONVOCAR UNHA BOLSA PARA FORMAR A TITULADOS SUPERIORES NA XESTIÓN DE PROXECTOS EUROPEOS NO ÁMBITO DA I+D+i**

- *A persoa seleccionada realizará durante un ano as prácticas formativas nas oficinas da Fundación Galicia Europa (FGE) en Bruxelas*
- *Participará nas reunións de cooperación rexional das que forma parte a Xunta para promover a participación galega en proxectos europeos de innovación e investigación e coñecerá as políticas comunitarias nestes eidos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria dunha bolsa de formación dirixida a titulados universitarios para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación nas oficinas da Fundación Galicia Europa (FGE) en Bruxelas durante un ano.

O obxectivo desta bolsa é que a persoa seleccionada adquira coñecementos prácticos sobre políticas comunitarias relacionadas coa innovación e a investigación, coa posibilidade ademais de participar nas reunións de cooperación rexional das que forma parte a Xunta coa finalidade de promover a participación galega en iniciativas de I+D+i.

A bolsa terá unha duración de 12 meses e desenvolverase principalmente na oficina da FGE en Bruxelas, aínda que tamén existe a posibilidade de que a persoa seleccionada realice breves períodos de formación nas dependencias da Axencia Galega de Innovación (Gain) en Santiago de Compostela ou onde este organismo indique.

Poderán optar á obtención desta bolsa as persoas que reúnan unha serie de requisitos, entre eles ser natural de Galicia, ser fillo/filla de galegos ou acreditar, mediante empadramento, residencia en Galicia polo menos dende os dous anos anteriores á publicación da convocatoria, así como posuír un título universitario e un nivel B2 ou superior en lingua inglesa.

O prazo de presentación de solicitudes e da documentación complementaria será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**O PLAN DE REACTIVACIÓN E DINAMIZACIÓN INCLÚE UNHA DOTACIÓN DE MÁIS DE 3.000 MILLÓNS PARA RECUPERAR A ACTIVIDADE ECONÓMICA E O EMPREGO E PARA FORTALECER OS SERVIZOS PÚBLICOS**

- *A meirande parte da dotación, 1.741 millóns de euros, procederá de recursos públicos que achegará a Xunta de Galicia, que permitirán mobilizar outros 1.302 millóns do sector privado*
- *Na distribución deste recursos, as áreas que concentran maior impacto son a dinamización económica e o emprego -que suman 537 millóns- e a sanidade, con outros 450 millóns*
- *Para infraestruturas e mobilidade destínanse 183 millóns; para o medio rural, 161 millóns; 105 millóns para a área social, e tamén haberá recursos para o turismo e a cultura, o sector marítimo, o medio ambiente e a vivenda*
- *Todas estas actuacións correspóndense coa armazón financeira da que dispón Galicia para facer viables todos os proxectos sectoriais prioritarios*
- *A Xunta tamén ampliará o aprazamento dos principais impostos autonómicos (Transmisións Patrimoniais, Sucesións e Doazóns e Xogo) ata o 1 de novembro, para dar máis liquidez a cidadáns e empresas*
- *O Plan de Reactivación e Dinamización dá resposta ás propostas do Comité de Expertos Económicos e incluírá o impulso a proxectos tractores de alto valor engadido, tal como recomendou este comité*

O Plan de Reactivación e Dinamización 2020 inclúe unha dotación de 3.043 millóns de euros e terá como obxectivo fundamental recuperar a actividade económica de Galicia máis afectada pola pandemia, a xeración de emprego nos sectores máis golpeados pola covid-19 e fortalecer os servizos públicos que reciben os cidadáns.

Segundo acordou hoxe o Consello da Xunta, a meirande parte da dotación deste plan (1.741 millóns de euros) procederá de recursos públicos que achegará a Xunta de Galicia. Estes recursos procederán de reasignación do Orzamento en vigor (828 millóns), de achegas estatais (un mínimo de 506 millóns), de reprogramacións dos fondos europeos (256 millóns) e de marxes orzamentarias (51 millóns), como o déficit adicional ou o aforro de xuros.

Estes recursos supoñen a armazón financeira de que dispón Galicia para facer viables todos os proxectos sectoriais prioritarios, que desenvolve cada departamento autonómico. En todo caso, estes recursos públicos que activará a Administración autonómica permitirán mobilizar outros 1.302 millóns do sector privado, sobre todo na parte da dinamización económica.

**Recursos a áreas prioritarias**



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Na distribución deste recursos, as áreas que concentran maior impacto son a dinamización económica e o emprego, que suman entre ambas 537 millóns. Así, na dinamización económica (340 millóns) haberá actuacións a curto prazo (axudas shock económico causado pola parálise), a medio prazo (retorno á actividade) e a longo prazo, co pulo á transformación económica e industrial.

En canto ao emprego, o Plan de Reactivación e Dinamización establece unha dotación de 197 millóns para o impulso do emprego autónomo, a formación para o emprego, a transición ao novo contexto laboral –con medidas no eido do teletraballo, a contratación ou os ERTES- ou a modernización das oficinas de emprego.

O Plan de Reactivación e Dinamización inclúe tamén 450 millóns de euros para a sanidade, dos cales 251 millóns destínanse ao reforzo de dotacións, 105 millóns para adquisicións –como material sanitario ou equipos de protección–, 63 millóns para o reforzo e contratación de persoal sanitario e outros 31 millóns para investimentos. Tamén no eido dos servizos públicos, establece unha dotación de 105 millóns para a área social e outros 72 millóns para a mellora do ensino.

Sobre o resto de áreas, o Plan de Reactivación inclúe 58 millóns para o turismo e a cultura, 77 millóns para o sector do mar, 104 millóns para o medio ambiente e a vivenda e 183 millóns de euros para infraestruturas e mobilidade; e para o medio rural, 161 millóns, entre os que se inclúe un plan de liquidez específico para produtores e a industria agroalimentaria máis afectada pola covid-19.

### **Novo aprazamento de impostos**

A Xunta de Galicia tamén ampliará o aprazamento dos principais impostos autonómicos (Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, Imposto sobre Sucesións e Doazóns e Tributos sobre o Xogo) ata o vindeiro 1 de novembro, para dar máis liquidez a cidadáns e empresas.

Segundo os cálculos da Axencia Tributaria de Galicia, esta medida está a beneficiar cada mes a unhas 32.000 persoas e empresas, e supón que a facenda autonómica deixa de ingresar uns 35 millóns de euros cada mes.

### **Dá resposta ao Comité de Expertos Económicos**

O Plan de Reactivación e Dinamización dá resposta ás propostas realizadas nos últimos meses polo Comité de Expertos Económicos de Galicia, un comité plural que realizou



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

un intenso labor de asesoramento ao Goberno galego e que formulou numerosas propostas á Xunta de Galicia, ás entidades locais e tamén ao Goberno de España.

Neste sentido, a través do Plan de Reactivación e Dinamización impulsaranse diversos proxectos tractores de alto valor engadido, que é precisamente unha das recomendacións efectuadas polo Comité de Expertos.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**AUTORIZADO O CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA ACTUALIZAR O PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CASCO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO**

- *O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deu o visto e prace á sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Mondoñedo, que recolle un orzamento de máis de 300.000 euros*
- *Trátase dun instrumento de planeamento urbanístico que pretende garantir un territorio ordenado capaz de abordar o futuro con criterio e garantías*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Mondoñedo para a redacción -e actualización ao marco normativo vixente- do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico (Peprich) deste municipio da provincia de Lugo. O importe de dito convenio elévase a máis de 300.000 euros, que serán abonados en varias anualidades, en función das fases e dos avances na redacción deste instrumento de planeamento urbanístico.

A Xunta decide colaborar na redacción e tramitación dos Peprich destes concellos, despois de que a nova Lei de Patrimonio Cultural fixara un prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor para que os concellos con plan especial aprobados antes do ano 1995 se adapten á lexislación vixente.

Nesta situación atópase o concello de Mondoñedo, xa que coa aprobación do seu plan especial de protección do seu casco histórico en marzo de 1994, converteuse no terceiro municipio de Galicia en contar cun instrumento de planeamento urbano destas características. Cómpre lembrar que Corcubión e Betanzos foron os primeiros de Galicia en contar cun plan especial de protección do seu casco histórico. Corcubión conta cun plan especial de protección do conxunto histórico aprobado no ano 1991; mentres que o de Betanzos foi aprobado un ano despois.

Así pois, esta circunstancia singular e sobrevida, que afecta especificamente a este concello da provincia de Lugo, xustifica a tramitación deste convenio para que poida contar cun instrumento de planeamento adaptado á normativa vixente que lles permita seguir exercendo as competencias que recolle a Lei 5/2016.

A finalidade deste instrumento é estudar estes espazos para que teñan futuro, estean activos, ofrezan servizos e revitalicen as cidades ou vilas nas que se atopan, coa posibilidade de definir novos usos e conservar o que defina o plan especial. Deste xeito, o Goberno galego asume o compromiso de avanzar co propósito de garantir un territorio ordenado capaz de tratar o futuro con criterio e garantías.



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Xacobeo 2021**

**galicia**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**  
"Unha maneira de facer Europa"

**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
"O FSE inviste no teu futuro"





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA INTERSECCIÓN ENTRE AS ESTRADAS PROVINCIAIS OU-0210 E OU-0211 EN QUINTELA DE LEIRADO

- *Este proxecto, que promove a Deputación Provincial de Ourense, recolle a execución dunha semiglorieta para mellorar a funcionalidade e seguridade na vía*
- *A actuación facilitará a mobilidade dos veciños de Quintela de Leirado e mellorará as comunicacións de Gomesende, Padrenda, Pontedevea e Vereas con Celanova*
- *A Xunta informa os proxectos de actuacións de entidades locais, cando non estean incluídas no Plan director de estradas de Galicia ou no Plan urbanístico municipal*
- *A competencia para a aprobación definitiva destes proxectos correspóndelle ao Consello da Xunta, segundo o Regulamento xeral de estradas de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de acondicionamento que executará a Deputación Provincial de Ourense entre as estradas provinciais OU-0210 e OU-0211, en Quintela de Leirado.

Este proxecto ten como obxectivo mellorar a funcionalidade e a seguridade viaria nesta intersección, coa execución dunha semiglorieta que permita os cambios de sentido e un carril lateral de xiro para acceso á estrada OU-0210 desde a OU-0211.

A intervención recolle a demolición de pavimentos, a execución da drenaxe das augas de chuvia, o estendido do novo firme e a reposición da sinalización e das defensas.

Esta actuación facilitará a mobilidade dos veciños de Quintela de Leirado, pero tamén a de zonas lindeiras, xa que esta vía mellorará as comunicacións con Celanova para os habitantes de Gomesende, Padrenda, Pontedevea e Vereas.

A tramitación do expediente pola Deputación de Ourense seguiu a tramitación prevista no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións informar os proxectos de actuacións de entidades locais, cando non estean incluídas no Plan director de estradas de Galicia, no Plan sectorial de estradas da Administración promotora nin no Plan urbanístico municipal.

A competencia para a aprobación definitiva destes proxectos correspóndelle ao Consello da Xunta, segundo o disposto no Regulamento xeral de estradas de Galicia.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE 7 M€ NO NOVO SUPERCOMPUTADOR DO CESGA PARA MULTIPLICAR AS SÚAS CAPACIDADES E SEGUIR PRESTANDO UN SERVIZO DE VANGARDA AOS INVESTIGADORES E Á INDUSTRIA GALEGA**

- *O Finisterrae III permitirá ao Centro de Supercomputación de Galicia multiplicar por seis a súa capacidade de cálculo*
- *Ademais de manter ao Cesga entre os centros líderes a nivel nacional e europeo, a nova infraestrutura atraerá proxectos que requiran unha gran capacidade de computación e de almacenamento de datos*
- *Será clave para impulsar as tecnoloxías asociadas á Industria 4.0, especialmente nas pemes, e os Hubs de innovación dixital de Galicia*

O Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) vai investir 7 millóns de euros no Finisterrae III, un novo supercomputador que permitirá multiplicar por seis a capacidade de cálculo do actual supercomputador, o Finisterrae II, ao tempo que proporcionará servizos de almacenamento de moi alta capacidade, reforzando así o servizo de vangarda que o centro presta aos investigadores e á industria galega.

A licitación desta infraestrutura será posible grazas a un convenio de colaboración do Cesga co Ministerio de Ciencia e Innovación, e que contará con 5,6 millóns de euros procedentes do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder). Segundo o convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta, o cofinanciamento nacional será asumido pola Administración autonómica, que, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), achegará 1.050.000 euros, e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), que dedicará 350.000 euros.

O novo supercomputador, que se espera poida entrar en funcionamento en marzo de 2021, permitirá que os centros de investigación e tecnolóxicos, así como as empresas de Galicia, sigan liderando proxectos de I+D+i e manterá ao Cesga, que conta con 27 anos de traxectoria, como un dos referentes da supercomputación nacional e europea.

O Finisterrae III facilitará atraer proxectos que requiran unha grande capacidade de computación e de almacenamento de datos. Tamén permitirá fomentar e promover o uso da supercomputación no ámbito empresarial, especialmente nas pemes, e contribuír á adopción das novas técnicas de intelixencia artificial, *machine learning* e *deep learning*, impulsando a Industria 4.0 e os Hubs de Innovación Dixital de Galicia, dos que forma parte o Cesga.

Ademais, o Centro de Supercomputación de Galicia provee outros servizos de conectividade á rede de centros de investigación, tecnolóxicos, universitarios e educativos de Galicia, e dispón doutras infraestruturas que permiten que a comunidade científica e educativa poida realizar traballos colaborativos.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Todas estas infraestruturas fan posible que os centros de investigación e tecnolóxicos poidan prover servizos innovadores e de valor, e tamén, que as pequenas e medianas empresas elaboren e perfeccionen novos produtos e servizos.

A configuración do novo superordenador Finisterrae III é resultado dun estudo de necesidades da comunidade de usuarios do Cesga, centros de investigación, centros tecnolóxicos, centros universitarios e colexios profesionais relacionados coas TIC e tamén con empresas e outros actores relevantes, así como dunha avaliación das diferentes tecnoloxías dispoñibles no mercado. A infraestrutura permitirá ao centro posicionarse cara ao futuro, en liña coas capacidades de Galicia.

Beneficiaránse destas novas infraestruturas, entre outros, os investigadores das universidades galegas, do CSIC e dos centros tecnolóxicos galegos; e proxectos punteiros como os de investigación aplicada ao descubrimento temperán de fármacos e ao desenvolvemento de novos materiais, os proxectos de ultrasecuenciación e xenómica, os proxectos de astrofísica participados pola Axencia Espacial Europea (ESA), os de altas enerxías desenvolvidos por grupos galegos en colaboración co CERN; así como os desenvolvementos ligados á reconstrución de imaxe médica de alta resolución, os relacionados coa covid-19 e tamén os proxectos de anotación e exploración masiva de datos. Así mesmo, o Finisterrae III permitirá mellorar os servizos prestados a MeteoGalicia ou a Portos do Estado para a elaboración das súas predicións operativas diarias.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA APOIA CON 6 M€ A POSTA EN MARCHA DE CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA PARA QUE AS GRANDES EMPRESAS IMPULSEN AS PEMES LOCAIS**

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria financiará, con apoios de ata 2,5 M€ e o 60% do investimento, a creación por parte de compañías tractoras de espazos de uso aberto e compartido que poderá utilizar o tecido emprendedor galego*
- *A nova convocatoria, que se enmarca no Plan de reactivación económica, busca que contribúan a desenvolver a base industrial e fomentar a competitividade*
- *Primarase a inclusión destas infraestruturas nos Hubs de innovación dixital galegos, liderados por Ceaga e Bioga e que agrupan máis de 4.200 empresas e entidades*
- *Prestarán servizos que non estean dispoñibles nese ámbito territorial ou aqueles cuxa oferta non se axuste ás necesidades das empresas*

A Xunta impulsa unha nova liña de axudas dotada con 6 millóns de euros para que grandes empresas galegas impulsen a creación de centros de fabricación avanzada, é dicir, infraestruturas de uso aberto e compartido que contribuirán a desenvolver a base industrial a nivel local e fomentar a competitividade.

A nova liña de axudas, que se enmarca no Plan de reactivación económica,ponse en marcha para ampliar as posibilidades de creación de infraestruturas industriais por parte de grandes empresas galegas, que teñen capacidade tractora e financeira para promover o uso de centros de fabricación de xeito aberto e compartido entre as pequenas e medianas empresas que exercen a súa actividade na contorna onde se implanten.

Os apoios previstos poderán acadar ata o 60% do investimento en cada novo espazo que se poña a funcionar. As axudas, que se concederán en réxime de concorrencia competitiva, poderán acadar os 2,5 millóns de euros por cada un deles, e facilitaranse anticipos unha vez concedidas. Cubrirán, entre outros, investimentos en activos fixos pola realización de obras e reformas así como a adquisición de edificacións e bens de equipamento como maquinaria.

As infraestruturas que se cren deberán estar á disposición das pemes dunha forma aberta e transparente e o importe cobrado polo seu uso, que se establecerá mediante un sistema de tarifas adecuadas aos servizos que se utilicen, será o correspondente ao prezo de mercado. Nese sentido, e para garantir que a xeración destes espazos contribúa a impulsar a modernización da base industrial e o desenvolvemento dos ecosistemas produtivos a nivel local, deberán prestar servizos que non estean dispoñibles nese ámbito territorial no momento da solicitude ou aqueles cuxa oferta non se axuste ás necesidades das empresas.

Esta iniciativa dá continuidade a unha primeira convocatoria xeral de apoios aos centros de fabricación avanzada aos que se puideron presentar agrupacións, dotada





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

con 16 millóns de euros. En conxunto, facilitarán investimentos que acadarán os 32 millóns de euros para mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas. Primarase que as infraestruturas creadas se integren nos dous Hubs de innovación dixital que o Goberno galego impulsa mediante a colaboración público-privada para achegar ás pemes as solucións tecnolóxicas que precisan.

Os Hubs, liderados por Bioga e Ceaga e que suman as capacidades de máis de 4.200 empresas e entidades que empregan a 120.000 persoas, funcionarán como unha xanela única que ofrecerán unha carteira de servizos para avanzar nas tecnoloxías da fábrica intelixente e o *big data*.

O proxecto impulsado por Ceaga beneficiará a sectores como a automoción, o agroalimentario, o naval, o forestal e o téxtil; mentres que Datalife, promovido por Bioga, prevé ofrecer servizos ás cadeas de valor da biotecnoloxía, a saúde, o forestal, o agroalimentario e o ámbito mar-industria.

Estas iniciativas contan coa participación doutros clústeres, centros tecnolóxicos, grandes empresas tractoras e compañías tecnolóxicas, ademais das universidades. No caso do Hub liderado por Ceaga tamén participan clústeres como Aclunaga, Clusaga e o Clúster TIC; empresas tractoras como Nueva Pescanova, Clun, Textil Lonia, Freire, PSA, GKN, Ence, Cupa ou Navantia; firmas do eido tecnolóxico como Televés e R; así como os centros Aimen, Anfac-Cecopesca, Cesga, CTAG, Cetim, Gradient e ITG; ademais das tres universidades galegas e de Feuga.

No Hub liderado por Bioga, entre os participantes repiten Clun, Nueva Pescanova, Televés, Clusaga, o Clúster TIC, Cesga, Gradient, Anfac-Cecopesca e a Universidade de Santiago de Compostela. A maiores, colaboran neste proxecto outras empresas (como Mestrelab, CZ Veterinaria, Finsa e Vodafone España) e clústeres (como o da Saúde e o da Madeira), así como a Fundación Kaertor.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA FOMENTA O EMPREGO LOCAL CON AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE 1.624 PERSOAS DESEMPREGADAS NOS CONCELLOS GALEGOS**

- *O Goberno galego inviste 16,1 M€ para apoiar a 643 persoas perceptoras da Risga; 476 desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral ou social; e 505 para tarefas de prevención de incendios*
- *As tres liñas de axudas enmárcanse nas políticas de emprego da Administración autonómica e buscan mellorar a ocupabilidade dos galegos e galegas e dinamizar o mercado de traballo*

A Xunta dá un novo paso na súa aposta por fomentar o emprego local e informa da resolución de tres ordes de axuda que permitirán que os concellos galegos contraten a un total de 1.624 persoas sen emprego, grazas a un investimento de 16,1 M€. Trátase dos apoios para persoas perceptoras da Risga, Aprod Rural e persoas desempregadas para que desenvolvan de obras e servizos de interese xeral e social.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina este ano un total de 7,6 M€ para a contratación de persoas perceptoras da Risga, apoio do que se beneficiarán un total de 643 persoas de 149 concellos. O obxectivo é proporcionar aos beneficiarios a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral a través dun contrato laboral que será subvencionable durante 9 meses.

Por outra parte, Aprod Rural conta con case 7 M€ para a contratación de 505 persoas desempregadas en 282 municipios galegos para a realización de tarefas relacionadas, maioritariamente, coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (planificación preventiva, valorización forestal, silvicultura, limpeza de montes ou xestión de biomasa). Como novidade con respecto a anteriores edicións, os concellos rurais de menos de 2000 habitantes poden contratar a persoas que xa fosen contratadas por un período igual ou superior a 9 meses con cargo a axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no eido da colaboración coas entidades locais e sen ánimo de lucro.

Por último, o Goberno autonómico inviste 1,5 M€ para apoiar en 175 concellos galegos a contratación de 476 persoas sen emprego para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social co obxectivo de proporcionarlles experiencia e práctica profesional que permita a súa inserción.

Estas medidas, enmarcadas nas políticas de emprego da Xunta, teñen como obxectivo mellorar a empregabilidade das persoas participantes, así como apoiar a integración laboral de persoas vulnerables co obxectivo de dinamizar o mercado laboral galego.



## EDUCACIÓN DESTINA 12,1 MILLÓNS DE EUROS AO SUBMINISTRO DE CALEFACCIÓN EN 883 CENTROS DE ENSINO DE GALICIA

- *O Consello da Xunta aprobou a tramitación da contratación do combustible, que suporá un aforro medio de 300.000 euros ao ano*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional destina un total de 12,1 millóns de euros para os gastos de calefacción para dúas anualidades (desde o 26-11-2020 ata o 25-11-2022) dun total de 883 centros de ensino de toda a comunidade galega que empregan gasóleo tipo C. O Consello da Xunta aprobou hoxe a tramitación do expediente de contratación do combustible, que supón un consumo medio estimado de 8,2 millóns de litros de gasóleo anuais e un aforro cuantificado nuns 300.000 €/ ano; polo que nos dous anos que dura o contrato o volume será de 16,4 millóns de litros de consumo e 600.000 euros de aforro ao facer a contratación de forma centralizada.

O obxectivo do contrato é garantir o subministro de gasóleo para o servizo de calefacción nos centros públicos; ao tempo que planificar a súa adquisición de xeito que se acade un maior grao de optimización e control na subministración deste produto.

Para tal fin -ao igual que nos anos anteriores- estableceuse un acordo marco mediante un procedemento aberto de contratación. Deste xeito, ao abeiro de dito acordo marco, para un período de dous anos establécense 75 lotes agrupados por criterios xeográficos, que suman un contrato de 12.104.976,65 €.

Para o cálculo do orzamento e o seu reparto por anualidades tomouse como referencia os datos de consumo reais correspondentes a cursos anteriores. Polo tanto, a contía final estimada partiu da aplicación ao número de litros estimados (16,4 millóns litros) do prezo medio semanal do Boletín Oficial do Petróleo da Comunidade Europea do ano 2019, logo de restarlle un desconto de 0,03 €/litro, xa que é o desconto mínimo que se esixe aos licitadores para concorrer á licitación. Deste xeito, o aforro mínimo respecto do que sería o prezo orixinal é duns 300.000 euros/ano, que se eleva a 600.000 euros nos dous anos de vixencia do contrato.

Logo de que se leve a cabo o proceso de adxudicación dos 75 lotes xeográficos nos que se divide a contratación, os directores dos centros realizarán os encargos pedindo un orzamento a cada un deles, que poderán neste momento ofertar un desconto maior ao inicialmente ofrecido no acordo marco, polo que os aforros derivados da contratación poden ser aínda maiores nesta segunda fase de realización dos encargos.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Coa finalidade de promover unha maior concorrencia e abrir o mercado a distribuidores minoristas, o acordo establece que cada empresa poderá concorrer á licitación dun máximo de 15 lotes e poderá resultar adxudicatario dun máximo de 10 lotes.

### **SANIDADE INVISTE PRETO DE 6 M€ PARA MERCAR MATERIAIS DE PROTECCIÓN PARA PROFESIONAIS E PACIENTES FRONTE Á COVID-19**

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá este orzamento, a meirande parte do cal vai destinado á adquisición de luvas de exame, tanto de nitrilo como de vinilo, por un valor de 4.635.312 euros*
- *Ademais desta partida vanse dedicar 515.866 euros para material na Área sanitaria da Coruña e Cee*

O Consello da Xunta vén de aprobar a contratación, polo trámite de emerxencia, de diversos materiais de protección destinados a profesionais e doentes, así como test de detección do virus, para facer fronte á covid-19, por un importe total de 5.903.714 euros.

Este orzamento destínase a adquisición de 54.662.000 luvas de exame de nitrilo e vinilo por valor de 4.635.312 euros; 264.080 máscaras FFP2 por un importe de 772.459 euros; e 64.500 máscaras FFP3 por valor de 361.326 euros. Completan o total da cantidade investida 55.650 euros destinados á adquisición de 1.500 kits de detección do virus e 78.967 euros para a compra de medios de transporte para o virus.

O obxecto desta contratación é efectuar a oitava compra de materiais de protección e diagnóstico imprescindibles. Este material de protección e de diagnóstico é necesario para o uso por parte de profesionais e pacientes na actual crise sanitaria da covid-19 e tamén para ter como reserva ante un posible repunte da pandemia.

Sanidade subliña que os protocolos de actuación para a protección dos profesionais nesta crise sanitaria establecen a necesidade de que estes, para determinadas intervencións, usen equipos de protección individual, tales como máscaras respiratorias FFP2 e luvas de exame, entre outro material, para os pacientes con patoloxía probable ou confirmada.

#### **Investimentos en material na Área sanitaria da Coruña e Cee**

Tamén se aprobou polo Consello da Xunta a contratación de diversas subministracións de investimentos na Área sanitaria da Coruña e Cee para facer fronte á pandemia pola covid-19. Son concretamente 515.866 euros para material considerado imprescindible que dotar a diferentes proxectos da área sanitaria, entre os que destacan a ampliación



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

de unidades de críticos e a adaptación de servizos de urxencias, cun presuposto de 189.115 euros, e o dispositivo extraordinario de atención de emerxencia, cun orzamento de 260.507 euros.

Esta subministración comprende materiais tales como pulsioxímetros e tensiómetros; neveiras e frigoríficos; guindastres de mobilización de pacientes; camas de coidados intensivos e padiolas de urxencias; carros de emerxencia RCP; carros recolectores de roupa; e bandexas. Tamén cabeceiros de cama; somieres; colchóns; almofadas; mesillas de noite e auxiliares; pés de pinga e porta soros; e biombos, entre outros.

